

# A ANTROPIZACIÓN DO RÍO MIÑO EN LUGO

Rubén Vidal e Lucía Anido\*

O Concello de Lugo é o promotor dunha serie de proxectos que, consideramos, antropizan e afectan gravemente á saúde do río Miño ao seu paso pola cidade. Este artigo pretende compilar os máis importantes, xunto coa súa descrición e os traballos e alegacións de ADEGA feitas a cada un deles.



Concello de Lugo | concellodelugo.gal

Pasarela de San Lázaro e peche de terreos do Clube Fluvial.

Son moitas as agresións que sofre o río Miño ao seu paso pola cidade de Lugo, na súa maior parte, promovidas desde o propio Concello. É preciso lembrar que este entorno fluvial é un espazo natural protexido, con cualidades excepcionais, declarado como Zona de Especial Conservación (ZEC) Parga-Ladra-Támoga, zona de Rede Natura 2000 e zona núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Debido ao contexto de crise climática na que estamos, dende ADEGA vimos solicitando ao Concello a elaboración dun plan global para o treito do río Miño dende As Saamasas ata a confluencia co Río Rato ademais da creación dun órgano mixto de xestión pública.

## AS SAAMASAS, UNHA NOVA URBANIZACIÓN INNECESARIA NUN ENCLAVE PRIVILEXIADO

A pesar de que a poboación de Lugo está en fase de estancamento e é unha das cidades españolas con maior grao de vivendas baleiras, a construción segue sendo un dos piares da economía local.

Existen varios puntos urbanizados sen edificar, o que supón unha gran superficie de parcelas con beirarrúas e farois que só iluminan as especies invasoras que proliferan nestes espazos. A cambio, destrúense carballeiras de gran valor mentres a cidade se expande e perde de vista os barrios, en estado de abandono.

En concreto, o proxecto da urbanización das Saamasas prevé a construción de máis dun centenar de vivendas unifamiliares e seis edificios con outra centena de pisos. Está planificada ao pé do río Miño, dentro dos hábitats do Anexo I do Plan Director da Rede Natura 2000, e no ámbito de protección da Igrexa das Saamasas (ou de San Nicolás), ben catalogado dentro do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, e tamén incluído no Catálogo de Elementos protexidos do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo, cun rango de "protección integral". Segundo esta protección as únicas obras que se permiten nesta área deben estar destinadas á "consolidación", "conservación", "restauración" ou "rehabilitación-acondicionamento" do conxunto protexido, non sendo este o caso das obras (de nova edificación) que se están a realizar no lugar. Polo tanto, estes proxectos son contrarios aos usos permitidos.

Pese ás reiteradas denuncias, as obras da urbanización seguen adiante, e a destrución da contorna do río tamén.

## A FÁBRICA DA LUZ, EXEMPLO DE ABANDONO

Grazas á fábrica da Luz, Lugo converteuse nunha das primeiras cidades galegas en ter subministro eléctrico nas rúas a finais do século XIX. A musealización do edificio proxectado polo arquitecto racionalista Eloi Maquieira foi unha das primeiras propostas do Concello de Lugo para darlle valor a este edificio abandonado durante décadas.



Plataforma Lugo de Cara ao Miño



Dique da Fábrica da Luz.

ADEGA Lugo



Peche dos terreos do Clube Fluvial.

Durante o transcurso da licitación, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (en adiante CHMS) autorizou o aumento do caudal de explotación, solicitado pola empresa INCA, e que supuña triplicar por tres a captación do caudal do río para a xeración de electricidade (18.000 L/s). Isto implicaría unha grave alteración da contorna do Miño, dos hábitats e das especies deste espazo protexido que non se tiveron en consideración na xa de por si incompleta Declaración de Impacto Ambiental. A empresa, ademais, iniciou as obras fóra do prazo autorizado pola CHMS e en contra do disposto na referida Declaración ao construír un dique non recollido no proxecto nin do Estudo de Impacto Ambiental.

Foron todas estas ilegalidades e agresións as que motivaron a creación da plataforma Lugo de Cara ao Miño, composta por 15 colectivos e entidades, entre elas ADEGA. Tras múltiples denuncias e solicitudes ás diferentes administracións, un documental (<https://vimeo.com/155170290>), concentracións, roteiros, unha unidade didáctica e incluso algún xuízo ás activistas nun intento de amedrentar a loita por parte da empresa promotora, conseguíuse paralizar o proxecto.

Malia que as obras dende o principio foron ilegais e o Concello tivo a oportunidade de rescindir o contrato coa empresa de Miguel García Gesto, o Goberno local posicionouse do seu lado, facendo caso omiso das solicitudes da plataforma Lugo de Cara ao Miño. Finalmente, por sentenza do TSXG que o Concello de Lugo decidiu non recorrer, a veciñanza de Lugo ten que asumir a indemnización á empresa INCA de

2,47 millóns de euros por non ter solicitado en prazo a prórroga para a execución das obras na Fábrica da Luz ante a CHMS.

Non presentar recurso constituíu en si mesmo un acto de exculpación da empresa INCA de toda responsabilidade no incumprimento das condicións da concesión e na execución irregular das obras da Fábrica da Luz, así como a delegación automática das responsabilidades políticas dos xestores municipais na cidadanía de Lugo. A veciñanza non ten por que asumir os custos derivados das decisións erróneas adoptadas polo goberno municipal ou polos cargos públicos e funcionarios que avalaron a autorización da concesión hidroeléctrica ou se encargaban da dirección ou do seguimento do cumprimento de dita concesión administrativa e da adecuada execución do proxecto. A cidadanía de Lugo xa leva pagado preto de 300.000 euros por estas irregularidades. Para cando unha Comisión de Investigación que procure responsabilidades entre os cargos e funcionarios públicos que xestionaron directamente o outorgamento e vixilancia da concesión e proxecto?

### O CLUBE FLUVIAL E A PRIVATIZACIÓN DO RÍO

O Clube Fluvial é coñecido por toda a veciñanza xa que é unha das entidades deportivas con máis socias de Galiza. As súas instalacións están situadas ao pé do Miño. Co paso dos anos a entidade foi gañando superficie de xeito que tanto as pistas de tenis como a piscina infantil están sobre o río. Ademais, o perímetro do Clube está valado, incluído un caneiro que conecta as instalacións coa Fábrica da Luz, polo que o acceso ao río neste punto, que ademais é a única zona declarada para o baño na cidade, está restrinxido ás persoas socias.

O Clube Fluvial está en proceso para a solicitude da concesión polo prazo máximo legal previsto da ocupación así como a legalización das instalacións. Esta é unha oportunidade única e irrepitíbel de recuperar este treito do río Miño para uso público. Pensamos que no século XXI, e nun contexto global de cambio climático, xa non teñen cabida autorizacións ou concesións en dominio público hidráulico que traten de perpetuar zonas de baño privadas ou de uso exclusivo e obras que interrompen o acceso ou paso público á zona de servidume. Dende ADEGA instamos ao Concello de Lugo a presentar diante da CHMS a correspondente petición de concesión para o uso dese treito do río Miño como zona pública de baño.

Ao mesmo tempo, demandamos á CHMS que paralice a tramitación da renovación das concesións de obra e de augas solicitadas recentemente polo Club Fluvial mentres a entidade deportiva non cumpra coa obriga legal de deixar libre e accesible a zona de servidume do río Miño e non retire os valados e portas que impiden o tránsito desde o río á terra de persoas e animais. Segundo confirma a propia CHMS, o Club Fluvial de Lugo leva anos incumprindo esta condición á que se vinculan todas as concesións que lle foron outorgadas, e polo que o organismo de bacía xa lle leva imposto varias multas coercitivas.

En todo caso, os procedementos de renovación das concesións solicitadas polo Clube Fluvial para os vindeiros anos terían que someterse á avaliación de impacto ambiental ao afectar a un espazo natural protexido como Zona de Especial Conservación (ZEC) Parga-Ladra-Támoga, zona de Rede Natura 2000 e zona núcleo da Reserva da Biosfera.

### CAUDAL FEST

O Caudal Fest é outra aposta do Concello de Lara Méndez para atraer visitantes a Lugo. Celébrase no Parque do Miño, dentro da área da Rede Natura 2000. Segundo os datos da organización, na edición do ano 2019 achegáronse máis de 32.000 persoas. Cadaquén pode estar máis ou menos en contra ou a favor deste tipo de macrofestivais, mais o que é evidente é o grande impacto ambiental que xeran, xa que motivan moitos desprazamentos e producen un volume elevado de refugallos. Polo tanto, consideramos que este tipo de festivais deben desprazarse a espazos con menor valor ambiental, onde os impactos non sexan tan agresivos.



ADEGA Lugo



A ribeira do Miño tras o Caudal Fest.

### ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE (EDUSI) MURAMIÑAE, DA MURALLA AO MIÑO

A estratexia “Muramiñae, da Muralla ao Miño” é un programa financiado polo Concello de Lugo e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea, dedicado á posta en marcha de proxectos que favorezan un desenvolvemento urbano sostible, segundo recolle a propia web municipal.

De por si é un bo comezo, mais aprofundando un pouco, o Concello volve adxudicar á empresa INCA a redacción de cinco proxectos que suman un orzamento de 168.000 €. Preguntámonos por que a corporación municipal segue actuando con indulxencia cara unha empresa que ata o momento só ten demostrado desprezo polos bens públicos, polo noso patrimonio cultural e natural, polos nosos espazos naturais protexidos e polo noso río Miño.

Hai dous proxectos dentro deste programa aos que prestamos especial atención:

- Piscinas exteriores de auga quente, as termas artificiais. Pese a que Lugo dispón de afloramentos de augas termais como a cidade de Ourense, na cidade amurallada unicamente poden desfrutarse no balneario, mentres que en Ourense conviven o uso público e o uso privado. Agora, o Concello de Lugo pretende construír unhas piscinas de auga quente exteriores empregando augas non termais, senón da traída, e quentadas mediante aeroterma. Esta iniciativa parece a veledade dunha persoa allea á situación de emerxencia climática que estamos a vivir (e lembremos que foi declarada polo mesmo partido político a nivel estatal).

- As catro piscinas flotantes, a praia fluvial do Concello de Lugo: Outro dos proxectos dentro da EDUSI é a instalación de catro piscinas flotantes no río Miño. Entendemos que a zona pública de baño en Lugo debería ser a piscina fluvial do caneiro, citada con anterioridade, que conecta o Clube Fluvial coa Fábrica da Luz, xa que este enclave dispón dos equipamentos necesarios para ser unha praia fluvial, sen necesidade de antropizar e facer aínda máis artificial o curso fluvial.

### CONCLUSIÓNS

Na actualidade non existe un plan global do río Miño que consideramos imprescindible para a conservación dos seus valores naturais. As augas non son privadas nin un produto comercial, nin o río unha mera canle por onde estas esvaran deica o mar. Forma parte do ecosistema fluvial, á vez tan rico en biodiversidade, tan necesario e tan delicado. Nun contexto de cambio climático e transición ecolóxica, é prioritario conservar os valores naturais máis importantes, as especies e hábitats protexidos, e consideralo como un factor fundamental de resiliencia ante o cambio climático.

Para satisfacer a necesidade social de espazos lúdicos, por que non recuperar as termas naturais existentes en vez de crear termas artificiais que redundan en prexuízos de tipo económico e ambiental? En vez de ocupar os espazos naturais con novas infraestruturas, por que non destinar eses cartos a recuperar espazos naturais agora en mans privadas?

Segundo o libro *Transición Ecolóxica. Manual de uso*<sup>1</sup>, unha cidade sustentábel é unha cidade que sabe reducir os consumos de recursos; debe saber ser unha cidade frugal. Para os cargos públicos que desexan inaugurar obras prestixiosas e exemplares, ser frugal non vai co seu. É unha mágoa que o urbanismo sustentábel do Concello de Lugo quede limitado ao nome da concellería e non vaia un paso máis alá.

Proxectos como o embalse do río Narla, a gasoleira do Carrefour, a Fábrica da Luz ou a construción do Pazo de Feiras e Exposicións poñen de manifesto que a loita de ADEGA, xunto con outros colectivos, foi necesaria para paralizar ou reducir agresións ao medio, que doutro xeito seguirían adiante co beneplácito das administracións. Finalmente os tribunais deron a razón a ADEGA. Grazas a todas as que traballastes para conseguilo!

\*Rubén Vidal é socio de ADEGA e Lucía Anido socia e coordinadora de ADEGA Lugo.

### NOTAS

<sup>1</sup>*Transición ecolóxica. Manual de uso.* Philippe Frémeaux, Wojtek Kalinowski, Aurore Lалуq. Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega. Tradución de Miguel Braña Montaña.

Plataforma Lugo de Cara ao Miño



Zona de baño do Clube Fluvial.